



## TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Escóitanse os primeiros versos do recitado de Víctor Freixanes: Sos. Manuel Antonio

**Rosa:** Ola, benvidos e benvidas a un novo episodio de “Botar a lingua a pracer”,

**Eladia:** Somos Eladia e Rosa, e de novo, aquí estamos para mergullármonos un pouco máis na literatura do século XX.

**Rosa:** E mergullar debes querer mergullar ti... Porque... mira que traerme ao porto de Rianxo! Pódesme dicir que facemos aquí, Eladia, ao pé deste veleiro?

**Eladia:** Ese “[pailebote](#)” que tes diante leva por nome Constantino Candeira. O poeta Manuel Antonio, a bordo deste veleiro, escribirá o seu libro :

**Rosa:** *De catro a catro. Follas sen data de un diario de abordo.* Entendo agora o poema que escoitamos ao comezo do podcast...

**RECITADO DO POEMA “SOS” de Manuel Antonio, por Víctor Freixanes.**

**Eladia:** Ese poema e moitos outros atópanse no caderno de bitácora no que Manuel Antonio describirá unha viaxe...

**Rosa:** Ou como lle chamaba el, unha singradura. Veña. cóntame máis!

**Eladia:** Pois se na literatura galega existe un poeta vangardista, vangardista, ese é Manuel Antonio! Sabes? é o único autor creacionista que temos de noso.

**Rosa:** Que dis? Creacionista? Ai, explícate ben, Eladia, que non hai quen te entenda!

**Eladia:** Manuel Antonio segue os principios dunha vangarda de moda en Europa chamada creacionismo. Por iso os poemas están cheos de metáforas complexas...

**Rosa:** Ahhh!! E por iso debuxa os poemas, non é? E así temos por exemplo unhas letras que debuxan a rosa dos ventos!!

**Eladia:** Mais non só introduce caligramas como novidade... Tamén deixa espazos en branco, xoga coa colocación dos versos ... A forma do poema é importante!.

**Rosa:** Ademais usa un vocabulario pouco frecuente para a poesía. Con tecnicismos como Paliebote, mastros, singraduras... unha chea de léxico marítimo...

**Eladia:** e mesmo palabras en linguas estranxeiras...

**Rosa:** Pois si que era moderna e avanzada a poesía de Manuel Antonio. Como se lle ocorre algo así?



### APUNTAMENTO HISTÓRICO

- A Europa de principios do século XX experimenta grandes cambios sociais, económicos e políticos: a 1ª Guerra Mundial, a Revolución Rusa, o progreso das ciencias experimentais...
- Neste tempo de cambios xorden as vangardas, movementos de renovación, sobre todo nas artes plásticas e na literatura.
- A súa máxima é rachar co anterior e crear unha nova poesía. As obras vangardistas rexeitan a lóxica e mostran unha enorme fascinación pola innovación e a experimentación.
- Estes artistas e escritores vangardistas organizanse en grupos literarios tamén coñecidos como -ismos e difunden o seu ideario mediante manifestos e revistas.
- Entre os principais movementos de vangarda europeos destacan -ismos como o futurismo, cubismo, dadaísmo e surrealismo.

### PECHE APUNTAMENTO HISTÓRICO

**Eladia:** Xa ves Rosa, Europa échese de movementos vangardistas... Pero lembra que a literatura galega a comezos do XX está nacente... estase asentando..

**Rosa:** E unhas vangardas moi rompedoras levarían todo por diante!

**Eladia:** Aí estás. Por iso a vangarda galega é tan especial, tan nosa. Introduce novas técnicas sen danar o que estaba feito de antes...

**Rosa:** Entendo, pero nós, sumámonos aos -ismos europeos!

**Eladia:** Por suposto! Temos textos surrealistas, futuristas, creacionistas,... E todos eles difundíanse nas revistas literarias da época!

**Rosa:** Desas revistas xa falamos noutro capítulo. Eran, Resol, Ronsel, Alfar..

**Eladia:** Certo! E outra maneira de difundir as súas ideas era nos manifestos. Ti coñeces o único manifesto vangardista das nosas letras, o Máis Alá?

**Rosa:** Coñezo! Está escrito por Manuel Antonio, do que falamos antes e....

**Eladia:** E Álvaro Cebreiro!! Si, un pintor...

**Rosa:** Hahaha! No “Manifesto máis alá” e no que os poñen a todos de volta e media!

**Eladia:** En fin, Rosa... non é así de todo!! No manifesto é certo que se fai un chamamento a rebelarse contra as normas establecidas...



**Rosa:** Siiii!! A rebelarse contra os vellos, os que escriben hoxe como si vivisen n-o antonte d´os séculos”, Queren acabar co ruralismo!!

**Eladia:** Con este texto rupturista entramos de cheo nas vangardas europeas.

**Rosa:** E mira, só escribía poesía vangardista Manuel Antonio?

**Eladia:** Noon, hai máis autores... O caso é que non son tan a rachar...Oíches falar de Amado Carballo, o maior representante do hilozoísmo?

**Rosa:** Hilozo... como dis?

**Eladia:** HILOZOÍSMO!!! Ou animismo se che gusta máis! é dun movemento de vangarda no que os elementos da natureza aparecen personificados...

**Rosa:** Cunha métrica e unha rima moi sinxeliñas, moi populares... Por iso tivo tanto éxito!!

**Eladia:** Si! E éxito tamén tivo un -ismo moi de noso: O NEOTROBADORISMO.

**Rosa:** Pero os trobadores non eran da Idade Media?

**Eladia:** Si, Rosa, pero é NEO trobadorismo, que quere dicir novo!! Xusto a comezos deste século XX os escritores galegos descubren que tiñamos un rico pasado literario.

**Rosa:** Claro! A esplendorosa lírica medieval!!!

**Eladia:** Iso é! Autores como Fermín Bouza Brey, Alvaro Cunqueiro... quedan abraiados ... E...

**Rosa:** Actualizan esta lírica, creando un -ismo propio. escoita!!!

[Escóitase a versión de “No niño novo do vento” da película “Pradolongo”](#)

**Eladia:** Ves? Usan os mesmo recursos de repetición ca nas cantigas: o paralelismo, o refrán...

**Rosa:** Falan do mesmo cós medievais (Música de novo.... “quen puidera namorala.... Meu amiiiiigo”) pero máis moderno.

[Escóitase a versión de “No niño novo do vento” da película “Pradolongo”](#)

**Rosa:** Oes Eladia! Polo de agora eu só che escoitei falar de homes...

[MÚSICA DE INTRODUCCIÓN DO APARTADO DEDICADO ÁS MULLERES: Soa “Hymne de femmes” de Habelas Hainas.](#)



**Rosa:** Só os homes escriben poesía vangardista??

**Eladia:** Pois que nós saibamos, si!

**Rosa:** Por que? As mulleres tiñan prohibido escribir, ou que?

**Eladia:** Prohibido non, pero vivían nunhas circunstancias... nas que as súas obras e as súas vidas quedaron silenciadas.

**Rosa:** Vaia, ho!

**Eladia:** Pero na pintura podemos seguir as súas pegadas.. Moitas delas dedicábanse á pintura como unha afección ... Máis que coma unha profesión.

**Rosa:** E que pintoras vangardistas temos en Galicia?!

**Eladia:** Unha das que máis sona tivo foi Maruja Mallo! Era de Viveiro, aínda que viviu por toda España e parte do estranxeiro.

**Rosa:** É tan boa pintora era que viaxa a París cunha bolsa de estudos.

**Eladia:** Isto fai que comece a pintar cadros con estética vangardista, especialmente surrealistas!!

**Rosa:** Eses cadros con cores tan intensas, imaxes alegres e cheas de vida!! Que foron pasando a tonalidades grises e escuras coa chegada da Guerra Civil española.

**Eladia:** E por mor da guerra terase que exiliar e continuará alen mar o seu traballo como pintora.

**Rosa:** Pero non era a única muller artista desa época, certo???

**Eladia:** Certo! Había outras que aínda seguen estando veladas en moitos espazos como María Corredoira, Mercedes Ruibal, Lolita Díaz Baliño...

**Soa a música de peche do apartado dedicado ás mulleres: “Matriarcas” de Guadi Galego.**

**Eladia:** Veña, Rosa, afastémonos un pouco do porto e camiñemos pola vila de Rianxo. Sabes quen naceu aquí ademais de Manuel Antonio e Castelao?

**Rosa:** Xa sei, xa sei! Rafael Dieste

**Eladia:** Aquí no paseo da ribeira podemos atopar a súa casa.

**Rosa:** Vaia con Rianxo! Cantos grandes das nosas letras nesta vila tan pequena! Dieste, se non me falla a cabeza...escribiu narrativa e teatro!

**Eladia:** Escribiu un único libro de contos titulado *Dos arquivos do trasno*.



**Rosa:** E vaia contos! Todos están envoltos nunha atmosfera de misterio. ... Que me dis do titulado “Encol da morte do Bieito?????? O Bieito, o Bieito ía vivo!!

**Eladia:** Vaia se ía vivo!! E de teatro, Dieste escribiu *A fiestra baldeira*. Nesta peza un dos protagonistas é un cadro que manda pintar don Miguel, un vello mariñeiro.

**Rosa:** Vaites! fala o cadro??

**Eladia:** Non, pero case toda a obra xira arredor del. O cadro ten como fondo os barcos e o mar. para a súa familia simboliza o atraso, a vergonza da vida mariñeira...

**Rosa:** Por iso queren cambiar o fondo...Que temas tan profundos para unha obra de teatro!

**Eladia:** En fin... Teremos que ir marchando, Rosa... Despídote cunhas palabras de MA. “O meu nome acenderá unha nova estrela en cada constelación!”

**Rosa:** Ahh! E por iso o título do programa “Constelación Vangarda”

**Eladia:** E vaia se acenderon as estrelas!! Con manifestos, poemarios, obras de arte, contos, teatro...

**Rosa:** Prenderon a constelación da nosa literatura no panorama vangardista europeo...

**Eladia:** Mais polo momento ben sabes... Bo saber é calar...

**Rosa:** Ata que sexa tempo de falar.

### SOA MÚSICA DE PECHE: “MUIÑEIRA” DE BAIUCA.

**Rosa:** Tódalas historias que aquí se relatan, teñen por obxectivo achegar a literatura galega ás xeracións máis novas.

**Eladia:** Certo é, que ás veces nos tomamos algunha licenza, unicamente coa fin de ilustrar mellor as nosas palabras.

**Rosa:** Queremos agradecer a colaboración de tódalas persoas que nos axudaron ao longo deste proceso:

**Eladia:** A Víctor Freixanes recitando o poema de Manuel Antonio SOS.

**Rosa:** Tamén, a todos os que nos emprestaron a súa música:

## Podcast “Constelación Vangarda”

---



**Eladia:** O Midas, de Tanxugueiras.

**Rosa:** O “Hymne de Femmes” de Habelas Hainas.

**Eladia:** “Matriarcas”, de Guadi Galego .

**Rosa:** Á Vía láctea films pola versión de “No niño novo do vento”

**Eladia:** ...e a “Muiñeira” de Baiuca

**Rosa:** Grazas especialmente a todas e todos os que nos escoitades.

**Eladia:** Se vos gustou e queredes saber máis de nós seguídenos nas nosas Redes @lingua\_a\_pracer

**Rosa:** Compartide coa vosa xente... para así espallarmos polo mundo ...

**XUNTAS...**a historia da nosa literatura!